

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15006754	Ferrolterra	Ferrol	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TMV	Transporte e mantemento de vehículos	CMTMV07	Mantemento de estruturas de madeira e moblaxe de embarcacións de recreo	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0542	Control de almacén	2023/2024	2	53	53

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ROBERTO RIVAS CONEJO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Dado que as empresas da comarca son nun 85% industrias artesanais, que dispoñen de pequenos almacéns sen informatizar nin automatizar, tratarase de todos os tipos de almacéns pero facendo fincapé nos pequenos, con pouca cantidade de stocks pero gran número deles.

Decreto 182/2011, do 8 de setembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en carpintería e moble.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 31, determina que é competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e a administración do ensino en toda a súa extensión, nos seus niveis e graos, nas súas modalidades e especialidades, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do seu artigo 81, a desenvolvan.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificacións e acreditación que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das modalidades formativas.

A devandita lei establece que a Administración xeral do Estado, de conformidade co que se dispón no artigo 149.1, 30ª e 7ª da Constitución española, e logo da consulta ao Consello Xeral de Formación Profesional, determinará os títulos de formación profesional e os certificados de profesionalidade que constituirán as ofertas de formación profesional referidas ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, creado polo Real decreto 1128/2003, do 5 de setembro, e modificado polo Real decreto 1416/2005, do 25 de novembro, cuxos contidos poderán ampliar as administracións educativas no ámbito das súas competencias.

Establece, así mesmo, que os títulos de formación profesional e os certificados de profesionalidade terán carácter oficial e validez en todo o territorio do Estado e serán expedidos polas administracións competentes, a educativa e a laboral respectivamente.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu capítulo III que se entende por currículo o conxunto de obxectivos, competencias básicas, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas reguladas pola citada lei.

No seu capítulo V establece as directrices xerais da formación profesional inicial e dispón que o Goberno, logo da consulta ás comunidades autónomas, establecerá as titulacións correspondentes aos estudos de formación profesional, así como os aspectos básicos do currículo de cada unha delas.

O Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, estableceu no seu capítulo II a estrutura dos títulos de formación profesional, tomando como base o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, as directrices fixadas pola Unión Europea e outros aspectos de interese social.

No seu capítulo IV, dedicado á definición do currículo polas administracións educativas en desenvolvemento do artigo 6.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que as administracións educativas, no ámbito das súas competencias, establecerán os currículos correspondentes ampliando e contextualizando os contidos dos títulos á realidade socioeconómica do territorio da súa competencia, e respectando o seu perfil profesional.

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, determina nos seus capítulos III e IV, dedicados ao currículo e a organización das ensinanzas, a estrutura que deben seguir os currículos e os módulos profesionais dos ciclos formativos na comunidade autónoma de Galicia.

Publicado o Real decreto 1128/2010, do 10 de setembro, polo que se establece o título de técnico en carpintería e moble e se fixan as súas ensinanzas mínimas, e de acordo co seu artigo 10.2, correspóndelle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecer o currículo correspondente no ámbito da comunidade autónoma de Galicia.

Consonte o anterior, este decreto desenvolve o currículo do ciclo formativo de formación profesional de técnico en carpintería e moble. Este currículo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

Para estes efectos, e de acordo co establecido no citado Decreto 114/2010, do 1 de xullo de 2010, determínase a identificación do título, o seu perfil profesional, o contorno profesional, a perspectiva do título no sector ou nos sectores, as ensinanzas do ciclo formativo, a correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención, así como os parámetros do contexto

formativo para cada módulo profesional no que se refire a espazos, equipamentos, titulacións e especialidades do profesorado, e as súas equivalencias para efectos de docencia.

Así mesmo, determinanse os accesos a outros estudos, as validacións, exencións e equivalencias, e a información sobre os requisitos necesarios segundo a lexislación vixente para o exercicio profesional, cando proceda.

O currículo que se establece neste decreto desenvólvese tendo en conta o perfil profesional do título a través dos obxectivos xerais que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o ciclo formativo e os obxectivos propios de cada módulo profesional, expresados a través dunha serie de resultados de aprendizaxe, entendidos como as competencias que deben adquirir os alumnos e as alumnas nun contexto de aprendizaxe, que lles han permitir conseguir os logros profesionais necesarios para desenvolver as súas funcións con éxito no mundo laboral.

Asociado a cada resultado de aprendizaxe establécese unha serie de contidos de tipo conceptual, procedemental e actitudinal redactados de xeito integrado, que han proporcionar o soporte de información e destreza precisos para lograr as competencias profesionais, persoais e sociais propias do perfil do título.

Neste sentido, a inclusión do módulo de formación en centros de traballo posibilita que o alumnado complete a formación adquirida no centro educativo mediante a realización dun conxunto de actividades de produción e/ou de servizos en situacións reais de traballo no ámbito produtivo do centro, de acordo coas esixencias derivadas do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

A formación relativa á prevención de riscos laborais dentro do módulo de formación e orientación laboral aumenta a empregabilidade do alumnado que supere estas ensinanzas e facilita a súa incorporación ao mundo do traballo, ao capacitálo para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais, establecidas no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.

De acordo co artigo 10 do citado Decreto 114/2010, do 1 de xullo, establécese a división de determinados módulos profesionais en unidades formativas de menor duración, coa finalidade de facilitar a formación ao longo da vida, respectando, en todo caso, a necesaria coherencia da formación asociada a cada unha delas.

De conformidade co exposto, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada polas Leis 11/1988, do 20 de outubro, 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007, do 27 de xullo, conforme os ditames do Consello Galego de Formación Profesional e do Consello Escolar de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día oito de setembro de dous mil once,

O entorno produtivo está composto na súa maioría por pequenas empresa pouco automatizadas que dedícanse a traballo artesanal, realizando traballos de todo tipo. Algunhas están especializadas so en cociñas pero sen ter un alto grado de automatización. So dúas empresas teñen liñas de produción medio automatizadas. Polo tanto a formación dos alumnos tera que ir na liña de "saber facer un pouco de todo"

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O almacén.	Características do almacén. Características e transporte interno de mercadorías	10	20
2	Pedidos e recepción de mercadorías.	Realización de pedidos. Recepción de mercadorías.	6	11
3	Xestións administrativas	Coñecemento básico das xestións administrativas dun almacén	4	7
4	Fichas do almacén	Coñecemento e manexo de follas de control dentro dun almacén	9	17
5	Inventario e rexistros	Técnicas de elaboración de inventarios e rexistros	9	17
6	Expedición de mercadorías	Atención dos pedidos. Técnicas de expedición de mercadorías	9	17
7	Seguridade e hixiene no almacén	Normas de seguridade dentro dun almacén	6	11

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O almacén.	10

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Almacena materias primas, compoñentes e produtos, e xustifica os criterios de clasificación, colocación e control para garantir a súa conservación.	NO
RA3 - Selecciona medios de transporte para o traslado de materias primas, compoñentes e produtos, para o que comproba as súas características e o seu funcionamento.	SI
RA5 - Expide materias primas, compoñentes e produtos, e colócaos segundo o medio de carga e de transporte seleccionados.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.5 Identifícanse os principais danos que poidan sufrir as materias primas, os compoñentes e os accesorios na súa manipulación e no seu almacenamento.
CA2.6 Manipúlense e transportáronse os materiais e os produtos cumprindo as medidas de seguridade establecidas para a prevención de riscos laborais e da saúde.
CA2.7 Almacenáronse e clasificáronse os materiais e os produtos atendendo a criterios de seguridade (caducidade, temperatura, toxicidade, inflamabilidade, humidade, etc.).
CA2.8 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.
CA3.1 Defínense o transporte dos compoñentes e dos accesorios cos medios adecuados ás unidades de montaxe, segundo o documento indicativo de necesidades de material.
CA3.2 Defínense o transporte dos materiais de maneira que se asegure a integridade destes.
CA3.3 Comprobase que os medios de transporte estean en condicións de uso.
CA3.4 Estableceuse a colocación das mercadorías que cumpra trasladar ao lugar de instalación, e facilitouse a súa identificación e a súa manipulación.
CA3.5 Demostrouse interese por aprender novas técnicas e novos medios.
CA3.6 Demostrouse autonomía na resolución de pequenas continxencias.
CA3.7 Trasládáronse as materias primas, os compoñentes e os accesorios, para o que se adoptaron medidas de prevención e saúde laboral.
CA3.8 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.
CA5.2 Comprobase a carga dos produtos en orde inversa ao da descarga, segundo os destinos.

4.1.e) Contidos

Contidos
Clasificación de materiais e produtos segundo os destinos.
Sistemas de paletización de produtos
Almacenamento e colocación de elementos segundo parámetros establecidos (frecuencia de uso, peso, volume, perigo, inflamabilidade, toxicidade, caducidade, destino, etc.).



Contidos

Amoreamento e colocación de materiais.

Transpaletas: clases, manexo e mantemento.

Carros manuais.

Medios de carga.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Pedidos e recepción de mercadorías.	6

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recibe materias primas, compoñentes e produtos aplicando procedementos de inspección, rexistro e control establecidos.	NO
RA2 - Almacena materias primas, compoñentes e produtos, e xustifica os criterios de clasificación, colocación e control para garantir a súa conservación.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Seguíronse as instrucións de control e inspección dos compoñentes e os accesorios recibidos.
CA1.3 Controláronse os elementos recibidos con base nas especificacións técnicas, e separáronse os que non as cumplan.
CA1.4 Formalizouse o rexistro de control en función da inspección realizada.
CA1.5 Comprobouse que as materias primas recibidas se correspondan co pedido realizado e co albará de entrega.
CA1.6 Identificáronse os produtos de carpintería e moble mediante observación directa e co uso de equipamentos de medición.
CA1.8 Recibíronse as materias primas, os compoñentes e os accesorios respectando as normas de seguridade e saúde laboral.
CA1.9 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.
CA2.1 Identificáronse e almacenáronse os elementos inspeccionados de xeito ordenado e accesible.
CA2.2 Reflectíronse nos documentos de control de existencias os accesorios e os elementos recibidos, e comprobáronse as existencias.

4.2.e) Contidos

Contidos
Manipulación e manexo de materiais en recepción.
Control de calidade visual na recepción de subministracións.
Técnicas de recepción.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Xestións administrativas	4

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Prepara pedidos de materias primas, compoñentes e produtos, e xustifica as medidas de xestión propostas para mellorar as demandas cursadas.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.2 Diferenciáronse os documentos utilizados na xestión do almacén.
CA4.5 Identificáronse os lotes con etiquetas, onde se consignou a información necesaria (número de pedido, cliente, data de carga, destino, número de paquetes, cantidade de pezas, etc.).

4.3.e) Contidos

Contidos
Clasificación de materiais e produtos segundo os destinos.
Documentos de compravenda ou prestación de servizos utilizados na xestión do almacén (albará, folla de pedido, factura, etc.).

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Fichas do almacén	9

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recibe materias primas, compoñentes e produtos aplicando procedementos de inspección, rexistro e control establecidos.	NO
RA2 - Almacena materias primas, compoñentes e produtos, e xustifica os criterios de clasificación, colocación e control para garantir a súa conservación.	NO
RA4 - Prepara pedidos de materias primas, compoñentes e produtos, e xustifica as medidas de xestión propostas para mellorar as demandas cursadas.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.7 Controláronse as materias primas, os compoñentes e os accesorios que interveñen nas técnicas de produción xusto a tempo.
CA2.4 Controláronse as existencias de xeito que se sosteñan os niveis mínimos e máximos marcados, mantendo os niveis das subministracións.
CA4.2 Diferenciáronse os documentos utilizados na xestión do almacén.
CA4.5 Identificáronse os lotes con etiquetas, onde se consignou a información necesaria (número de pedido, cliente, data de carga, destino, número de paquetes, cantidade de pezas, etc.).

4.4.e) Contidos

Contidos
Control de calidade visual na recepción de subministracións.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Inventario e rexistros	9

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recibe materias primas, compoñentes e produtos aplicando procedementos de inspección, rexistro e control establecidos.	NO
RA2 - Almacena materias primas, compoñentes e produtos, e xustifica os criterios de clasificación, colocación e control para garantir a súa conservación.	NO
RA4 - Prepara pedidos de materias primas, compoñentes e produtos, e xustifica as medidas de xestión propostas para mellorar as demandas cursadas.	NO
RA5 - Expide materias primas, compoñentes e produtos, e colócaos segundo o medio de carga e de transporte seleccionados.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Empregáronse sistemas informatizados para a xestión de existencias.
CA2.2 Reflectíronse nos documentos de control de existencias os accesorios e os elementos recibidos, e comprobáronse as existencias.
CA2.3 Repuxéronse as existencias seguindo os circuitos de comunicación establecidos.
CA2.4 Controláronse as existencias de xeito que se sosteñan os niveis mínimos e máximos marcados, mantendo os niveis das subministracións.
CA4.2 Diferenciáronse os documentos utilizados na xestión do almacén.
CA5.6 Realizouse inventario de todos os materiais existentes no almacén

4.5.e) Contidos

Contidos
Valoración das existencias con diversos criterios (FIFO, LIFO, PMP, etc.).

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Expedición de mercadorías	9

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recibe materias primas, compoñentes e produtos aplicando procedementos de inspección, rexistro e control establecidos.	NO
RA4 - Prepara pedidos de materias primas, compoñentes e produtos, e xustifica as medidas de xestión propostas para mellorar as demandas cursadas.	NO
RA5 - Expide materias primas, compoñentes e produtos, e colócaos segundo o medio de carga e de transporte seleccionados.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.7 Controláronse as materias primas, os compoñentes e os accesorios que interveñen nas técnicas de produción xusto a tempo.
CA4.1 Agrupáronse por lotes os materiais segundo o pedido cursado, de forma que se poida verificar a súa composición.
CA4.3 Dispuxéronse elementos de protección para preservar os pedidos de posibles deterioracións.
CA4.4 Preparáronse as unidades de carga atendendo a requisitos como peso, volume, facilidade de manexo, resistencia, estabilidade, etc.
CA4.5 Identificáronse os lotes con etiquetas, onde se consignou a información necesaria (número de pedido, cliente, data de carga, destino, número de paquetes, cantidade de pezas, etc.).
CA4.6 Preparáronse os pedidos atendendo a razóns de prioridade ou tempo cursado.
CA4.7 Preparáronse os pedidos, para o que se adoptaron medidas de prevención e saúde laboral.
CA4.8 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.
CA5.1 Comprobouse que as materias primas, os compoñentes e os produtos expedidos sexan os establecidos.
CA5.2 Comprobouse a carga dos produtos en orde inversa ao da descarga, segundo os destinos.
CA5.3 Planificouse a carga dos produtos, e colocáronse e inmovilizáronse de xeito que non sufran deterioración.
CA5.4 Separáronse os tipos de residuos xerados, tanto na recepción como na preparación de pedidos.
CA5.5 Expedíronse e cargáronse os produtos cos medios adecuados segundo as unidades de carga, volume e peso.
CA5.7 Demostrouse autonomía na resolución de pequenas continxencias.
CA5.8 Cargáronse e colocáronse os produtos cumprindo as normas de seguridade, e evitáronse riscos innecesarios.
CA5.9 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.

4.6.e) Contidos

Contidos
Técnicas de preparación de pedidos.

Contidos

Documentos de compravenda ou prestación de servizos utilizados na xestión do almacén (albará, folla de pedido, factura, etc.).

Unidades de carga: características.

Inmovilización de cargas.

Control dos produtos expedidos.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Seguridade e hixiene no almacén	6

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Almacena materias primas, compoñentes e produtos, e xustifica os criterios de clasificación, colocación e control para garantir a súa conservación.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.6 Manipuláronse e transportáronse os materiais e os produtos cumprindo as medidas de seguridade establecidas para a prevención de riscos laborais e da saúde.
CA2.7 Almacenáronse e clasificáronse os materiais e os produtos atendendo a criterios de seguridade (caducidade, temperatura, toxicidade, inflamabilidade, humidade, etc.).

4.7.e) Contidos

Contidos
Riscos físicos na recepción e manipulación de materiais.
Elementos de seguridade: persoais, e en máquinas e instalacións.
Sistemas de prevención e extinción de incendios no almacén de materiais e produtos.
Medidas de prevención de riscos laborais e saúde laboral no traslado de materias primas, compoñentes e accesorios.
Medidas de prevención de riscos laborais e saúde laboral na preparación de pedidos.
Medidas de prevención de riscos laborais e saúde laboral na manipulación e na carga de produtos de acabado.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Ao rematar o módulo, o alumnado coñecerá os diversos procedementos de recepción, almacenaxe e expedición de mercadorías. Deberá coñecer as normas de seguridade dentro do almacén e as medidas a adoitar para evitar accidentes. Coñecerá a documentación empregada nun almacén e sera capaz de usala para levar o control do almacén.

O alumnado realizará alomenos dous exámenes por cada avaliación.

Os exámenes consistirán en preguntas e na resolución de casos prácticos, todo formando parte do mesmo examen, nunha proporción que dependerá da materia impartida que entra no examen, e ponderándose cada pregunta e caso práctico según a súa importancia .

Nos casos prácticos valorarase que o resultado acadado en cada caso sea o correcto e que a forma de acadalo sea a axeitada, invalidándose a resposta cando non sexa acadada mediante os métodos axeitados. Procurarase sempre que, tanto nas preguntas como nos casos prácticos, os asuntos tratados sexan os mais importantes das diferentes unidades didácticas, recollendo os puntos fundamentais do temario..

Superarase o examen ao chegar a metade da puntuación máxima posible, sumados os resultados obtidos en todas as preguntas.

Para superar o módulo deberá superar todas as unidades didácticas nas tres avaliacións , de forma independente, aínda que poda chegarse a compensación en determinados casos, cando a xuício do profesor, sea posible compensar os resultados obtidos nas diferentes avaliacións.

Unha vez superados as avaliacións, a nota do módulo será a media aritmética das notas obtidas nas avaliacións.

A nota do modulo sera un porcentaxe dos coñecementos tanto practicos como teóricos ,asi como a implicacion na clase .

Este sera asi : Implicacion nun 10% , exercicios practicos nun 20% e a parte teorica nun 70%

Os criterios de cualificacion que se seguiran son os seguintes :

-Implicacion do alumnado na clase (interese polo traballo ,respeto as normas de convivencia , ter unha boa participacion na clase ,respeto aos compañeiras e compañeiros , ...)

-Coñecementos practicos que seran exercicios propostos para a resolucion na aula

-coñecementos teóricos que son os temas da programacion que se calificaran mediante probas escritas .

Aqui mostranse os resultados de aprendizaxe e criterios de avaliacion :

RA 1 Recibe materias primas, compoñentes e produtos aplicando procedementos de inspección, rexistro e control establecidos.

CA 1.1 Seguíronse as instrucións de control e inspección dos compoñentes e os accesorios recibidos.

CA 1.2 Empregáronse sistemas informatizados para a xestión de existencias.

CA 1.3 Controláronse os elementos recibidos con base nas especificacións técnicas, e separáronse os que non as cumbran.

CA 1.4 Formalizouse o rexistro de control en función da inspección realizada.

CA 1.5 Comprobouse que as materias primas recibidas se correspondan co pedido realizado e co albará de entrega.

CA 1.6 Identificáronse os produtos de carpintería e moble mediante observación directa e co uso de equipamentos de medición.

CA 1.7 Controláronse as materias primas, os compoñentes e os accesorios que interveñen nas técnicas de produción xusto a tempo.

CA 1.8 Recibíronse as materias primas, os compoñentes e os accesorios respectando as normas de seguridade e saúde laboral.

CA 1.9 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.

RA 2 Almacena materias primas, compoñentes e produtos, e xustifica os criterios de clasificación, colocación e control para garantir a súa conservación.

CA 2.1 Identificáronse e almacenáronse os elementos inspeccionados de xeito ordenado e accesible.

CA 2.2 Reflectíronse nos documentos de control de existencias os accesorios e os elementos recibidos, e comprobáronse as existencias.

CA 2.3 Repuxéronse as existencias seguindo os circuitos de comunicación establecidos.

CA 2.4 Controláronse as existencias de xeito que se sosteñan os niveis mínimos e máximos marcados, mantendo os niveis das subministracións.

CA 2.5 Identificáronse os principais danos que poidan sufrir as materias primas, os compoñentes e os accesorios na súa manipulación e no seu almacenamento.

CA 2.6 Manipuláronse e transportáronse os materiais e os produtos cumprindo as medidas de seguridade establecidas para a prevención de riscos laborais e da saúde.

CA 2.7 Almacenáronse e clasificáronse os materiais e os produtos atendendo a criterios de seguridade (caducidade, temperatura, toxicidade, inflamabilidade, humidade, etc.).

CA 2.8 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.

RA 3 Selecciona medios de transporte para o traslado de materias primas, compoñentes e produtos, para o que comproba as súas características e o seu funcionamento.

CA 3.1 Definiuse o transporte dos compoñentes e dos accesorios cos medios adecuados ás unidades de montaxe, segundo o documento indicativo de necesidades de material

CA 3.2 Definiuse o transporte dos materiais de maneira que se asegure a integridade destes.

CA 3.3 Comprobouse que os medios de transporte estean en condicións de uso.

CA 3.4 Estableceuse a colocación das mercadorías que cumpra trasladar ao lugar de instalación, e facilitouse a súa identificación e a súa manipulación.

CA 3.5 Demostrouse interese por aprender novas técnicas e novos medios.

CA 3.6 Demostrouse autonomía na resolución de pequenas continxencias.

CA 3.7 Trasladáronse as materias primas, os compoñentes e os accesorios, para o que se adoptaron medidas de prevención e saúde laboral.

CA 3.8 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.

RA 4 Prepara pedidos de materias primas, compoñentes e produtos, e xustifica as medidas de xestión propostas para mellorar as demandas cursadas.

CA 4.1 Agrupáronse por lotes os materiais segundo o pedido cursado, de forma que se poida verificar a súa composición.

CA 4.2 Diferenciáronse os documentos utilizados na xestión do almacén.

CA 4.3 Dispuxéronse elementos de protección para preservar os pedidos de posibles deterioracións.

CA 4.4 Preparáronse as unidades de carga atendendo a requisitos como peso, volume, facilidade de manexo, resistencia, estabilidade, etc.

CA 4.5 Identifícanse os lotes con etiquetas, onde se consignou a información necesaria (número de pedido, cliente, data de carga, destino, número de paquetes, cantidade de pezas, etc.).

CA 4.6 Preparáronse os pedidos atendendo a razóns de prioridade ou tempo cursado.

CA 4.7 Preparáronse os pedidos, para o que se adoptaron medidas de prevención e saúde laboral.

CA 4.8 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.

RA 5

Expide materias primas, compoñentes e produtos, e colócaos segundo o medio de carga e de transporte seleccionados.

CA 5.1 Comprobase que as materias primas, os compoñentes e os produtos expedidos sexan os establecidos.

CA 5.2 Comprobase a carga dos produtos en orde inversa ao da descarga, segundo os destinos.

CA 5.3 Planificouse a carga dos produtos, e colocáronse e inmovilizáronse de xeito que non sufran deterioración.

CA 5.4 Separáronse os tipos de residuos xerados, tanto na recepción como na preparación de pedidos.

CA 5.5 Expedíronse e cargáronse os produtos cos medios adecuados segundo as unidades de carga, volume e peso.

CA 5.6 Realizouse inventario de todos os materiais existentes no almacén

CA 5.7 Demostrouse autonomía na resolución de pequenas continxencias.

CA 5.8 Cargáronse e colocáronse os produtos cumprindo as normas de seguridade, e evitáronse riscos innecesarios.

CA 5.9 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Unha vez realizadas as probas de avaliación e si o resultado foi adverso, correxirase facendo un resumo dos temas dados facendo fincapé nos errados. Unha vez clarexadas as dúbidas, e informado das actividades programadas para a súa recuperación dando coñecemento do período da realización das probas e a temporización e datas na que serán avaliados realizarase a proba. Para superar o módulo alumnado deberá superarse a proba de cada tema independente. A proba terá a estrutura de exame xa realizada.

Tera que aprobar todas as unidades didácticas no exame extraordinario para acadar unha avaliación positiva.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Consistirá en dúas probas parte práctico e parte teórica. Nas probas contestaranse a cuestións significativas desenrolladas ao longo do curso.

Parte práctico consistirá na realización algunha das tarefas de almacenaxe semellante as realizadas durante o curso terá un valor do 30%

Parte teórica tera formato de exame escrito cun valor do 70%

A duración do exame será de 3 horas como máximo por parte

Para superar o examen hay que obter un cinco sobre dez no total.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O procedemento de calidade establece os procedementos de seguimento da programación xunto cos documentos específicos. Faise unha comparación de previsión de tarefas (podese tomar como referencia o curso anterior) co realizado durante a semana. Os desaxustes que se produzan, si son imputables a os tempos asignados para realizar as tarefas, teranse en conta para realizar a programación o curso seguinte.

Para a avaliación da propia práctica docente terase en conta a enquisa de Satisfacción da labor docente, observando o histórico dos distintos cursos/ciclos e intentando ir solventando as reclamacións indicadas polo alumnado, tentando deste xeito ir mellorando paulatinamente a práctica docente. .

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Mediante informes de cursos anteriores facilitados polo Departamento de Orientación e a análise da enquisa de avaliación inicial que recolle o procedemento de calidade, poderán detectarse necesidades educativas especiais para algún dos alumnos.

Tamen farase unha proba teórica de coñecementos xerais e tamen específicos do módulo para detectar posibles carencias ou problemas para a aprendizaxe .

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As probas de avaliación consisten e exames tipo test. Unha vez realizada corríxese dando un repaso global á unidade didáctica e resolvendo as dúbidas que se prantexaron na súa realización.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Ainda que a educación e valores e un aspecto que debería de vir moi traballado das etapas educativas anteriores, darase unha maior importancia ao respecto polo traballo dos compañeiros/as, xa que é fundamental á hora de formar parte da platilla dun taller. Fomentárase as relacións entre os alumnos intercambiando técnicas de traballo e poñendo atención a que ningún alumno do grupo este discriminado.

O coidado do medio ambiente e outro dos aspecto a desenrolar poñendo especial interese no aproveitamento dos materiais, no reciclado dos refugallo que o permitan e en evitar todo o posible claquera tipo de contaminación ambiental.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Participárase activamente na organización das Xornadas Técnicas que, coordinadas pola dirección do Centro, diversas empresas do sector da a coñecer os seus produtos, fan demostracións de técnicas de traballo con diversa maquinaria ou conferencias relacionadas coa familia profesional.

Organizaranse visitas a empresas do sector, sempre que haxa boa predisposición por parte destas, que realicen traballos de especial interese para os alumnos e que estean relacionados cos obxectivos do currículo.

10.Outros apartados

10.1) ENSINO PRESENCIA

A avaliación realizarase segundo os criterios de avaliación indicados no apartado 5

10.2) ENSINO SEMIPRESENCIAL

No caso de que algún alumno este en cuarentena terá dereito a asistir as clases de forma telemática. Avaliaríase igual que no ensino presencial, os exames faríanse a través da aula virtual e os traballos se entregarán na aula virtual.

10.3) FORMACIÓN TELEMÁTICA POR ESTAR TODOS EN CUARENTENA

Impartiríanse as clases telemáticamente, respetando o horario do curso, e o método de avaliación sería 50% exames a través da aula virtual e 50% traballos entregados tamén a través da aula virtual. Intentaríase respetar o reparto das unidades didácticas por avaliación.